



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 20 DE AGOSTO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte de agosto de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Juan González Leirós, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: dona Lúa Sanguinredo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta.

Non asisten e presentan escusa don Óscar A. Garcia Patiño e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona M^a del Juncal Capín Fonseca.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 13 de agosto de 2019

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 13 de agosto de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

2º.- Boletíns e correspondencia

- Resolución do 5 de agosto de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se fai público o esgotamento do crédito para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas. (Diario Oficial de Galicia número 156, do 20 de agosto de 2019).

- Escrito da Subdelegación do Goberno na Coruña, rexistrado de entrada o día 19 de agosto de 2019, co número 900/2272, ao que achega Resolución de transferencias da Secretaría de Estado da Igualdade para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, para o exercicio 2019. Corresponde o Concello de Cambre a contía de 20.427,71 euros.

3º Expedientes de contratación

3.1. Proposta de devolución de aval á empresa *Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L.*, adxudataria do servizo da “Producción e contratación artística do XXVII Festival Rock in Cambre 2018”. Expediente: 2018/C004/000008

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de agosto de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 02 de agosto de 2018 asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade “*Vella de Inversiones y Logística, S.L.*”, para a prestación do servizo da “Producción e contratación artística do XXVII Festival Rock in Cambre 2018”

Visto que no antedito expediente depositouse por aval bancario na tesourería unha garantía definitiva, de data 18/07/2018 e importe de 5.300,00 euros, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable dende a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o concello fixese ningunha obxeción ou reparo, este segundo informe favorable emitido polo coordinador de Cultura e Educación, coa data do 17 de abril de 2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 24 de maio de 2019.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade, “*Vella de Inversiones y Logística, S.L.*”, con NIF B36932309 no expediente número 2018/C004/000008 para a prestación do servizo da “Producción e contratación artística do XXVII Festival Rock in Cambre 2018”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.2. Proposta de devolución de aval á empresa *El Tiburón de Curtis, S.L* adjudicataria do servizo de “Outorgamento de licenza para ocupación, uso e explotación dun posto de bebidas, bocadillos e outros produtos comestibles no Campo da Feira de Cambre os días 12 e 13 de agosto de 2016”. Expediente: 2016/C006/000005

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de agosto de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 10 de agosto de 2016 asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade “El Tiburón de Curtis, S.L.”, para a prestación do servizo da “Outorgamento de licenza para ocupación, uso e explotación dun posto de bebidas, bocadillos e outros produtos comestibles no Campo da Feira de Cambre os días 12 e 13 de agosto de 2016”.

Visto que no antedito expediente depositouse na tesourería unha garantía definitiva, de data 08/08/2016 e importe de 255,60 euros con número de rexistro 681, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable dende a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o concello fixese ningunha obxeción ou reparo, este segundo informe favorable emitido polo coordinador de Cultura e Educación, coa data do 14 de setembro de 2018.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 4 de xuño de 2019.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade, “El Tiburón de Curtis, S.L”, con NIF B15704052 no expediente número 2016/C006/000005 para a prestación do servizo da “Outorgamento de licenza para ocupación, uso e explotación dun posto de bebidas, bocadillos e outros produtos comestibles no Campo da Feira de Cambre os días 12 e 13 de agosto de 2016”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 9 ao 13 de agosto do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1648/2019 e remata coa resolución da Concelleira delegada da área de Benestar Social número 1668/2019, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1648/2019	09-08-2019	Cambio no nomeamento de beneficiarias das urnas perimetrais sinaladas ao número 78, letras C e D
1649/2019	09-08-2019	Corrección de erros materiais da Resolución de Alcaldía núm. 1630, de 7 de agosto de 2019
1650/2019	09-08-2019	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 13 de agosto de 2019

1651/2019	09-08-2019	Estimación da reclamación patrimonial rexistrada de entrada ao número 0/3224, con data de 20 de maio de 2019, a instancia de don FJVU, , na que solicita unha indemnización, por importe de 115,58 euros, polos danos ocasionados no espello retrovisor dianteiro esquerdo do seu vehículo, a consecuencia de ser golpeado por uns carteis da exposición municipal "Estampas de Cambre", o día 5 de marzo de 2019 sobre as 13:40 horas
1652/2019	09-08-2019	Desestimento lentes correctoras MMC
1653/2019	09-08-2019	Modificación designación secretaria mesa contratación a celebrar o 12 de agosto de 2019
1654/2019	09-08-2019	Recoñecemento de obrigacións a favor de propietarios da finca 4817701NH5941N0001RG en concepto de gastos nos que incorren pola cesión ao Concello de Cambre dela para construír un depósito de auga
1655/2019	09-08-2019	Adquisición talonarios bono taxi 2019
1656/2019	09-08-2019	Autorización apertura urna sinalada coa letra A, do panteón perimetral número 166, no cemiterio municipal de Cambre co fin de inhumar o cadáver de dona AFG
1657/2019	12-08-2019	Reposición legalidade urbanística por obras realizadas por M ^a L, J, M ^a P e R MR en Riveiriña, Bribes, consistentes nun cerramento con malla metálica, bloques e restos de pedra e entullo
1658/2019	12-08-2019	Complemento concesión anticipo solicitado. Solicitante: RPM
1659/2019	12-08-2019	Organización, xunto co Club Ciclista Cambre, do XV Roteiro BTT das Mariñas
1660/2019	12-08-2019	Contratación de traballos de impermeabilización de terraza na Casa Arrigada
1661/2019	13-08-2019	Orde de execución para limpeza da finca sita en Estanque de Abaixo. Unidade de Execución propiedade de Sociedade de xestión de activos
1662/2019	13-08-2019	Expediente de xeración de crédito número 5/2019. novidades editoriais en galego e mellora das coleccións bibliográficas
1663/2019	13-08-2019	Licenza para dividir a finca de 728 m ² sita en Quintan - cambre en dúas porcións de 645,80 m ² e 82,20 m ² para posterior cesión ao concello
1664/2019	13-08-2019	Nomeamento persoal eventual LGG
1665/2019	13-08-2019	Aprobación da actividade da XIII Xuntanza do maior
1666/2019	13-08-2019	Expediente sancionador a L, J. M ^a P e RMR por realización de cerramento a base de distintos materiais de construción como malla plástica, bloques e restos de pedra e escombros en Riveiriña, Bribes
1667/2019	13-08-2019	Transformación do procedemento de comprobación limitada PCL 2/2018, iniciado a GNS, SDG, S.A., no procedemento de inspección P.I. 1/2019

1668/2019	13-08-2019	Conceder a axuda farmacia MJME. por importe de 71,90 euros
-----------	------------	--

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co seguinte asunto:

- Declaración de deserto do procedemento para contratar a subministración de trofeos para eventos/competicións organizadas e/ou patrocinadas polo Concello de Cambre. Expte: 2018/C005/000012

sendo aprobada a urxencia da totalidade da proposta por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

Único. Declaración de deserto do procedemento para contratar a subministración de trofeos para eventos/competicións organizadas e/ou patrocinadas polo Concello de Cambre. Expte: 2018/C005/000012

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de agosto de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2018/C005/000012 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado, da “Subministración de trofeos para eventos/competicións organizadas e/ou patrocinadas polo Concello de Cambre”, cun orzamento base de licitación de 13.251,92 euros IVE incluído, do que resulta:

Que foi excluída a oferta mellor valorada presentada por Eurocebrían S.L. ao non xustificar convenientemente a súa oferta anormalmente baixa, segundo informe do coordinador de Actividades culturais e educativas do 5 de xullo de 2019; así como a seguinte oferta mellor valorada, da entidade Artesanos del Cristal S.L., igualmente considerada anormalmente baixa e non xustificada convenientemente segundo informe do coordinador de Actividades culturais e educativas do 18 de xullo de 2019.

Que foi formulada proposta de adxudicación polo coordinador de Actividades culturais e educativas, segundo informe do 22 de xullo de 2019, a prol do terceiro licitador presentado “Manu Sports, S.L.” no prezo ofertado por anualidade de 4.641 euros sen IVE, 5.615,61 euros IVE incluído, por ser a seguinte entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que consta na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (oferta económica, diminución do número de días de entrega, e incremento do prazo de garantía), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Que outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico

español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, éste non presentou axeitadamente a documentación requirida.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral, de data 14 de agosto de 2019, que contén a proposta de acordos a adoptar.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: De conformidade coa proposta formulada pola técnica de xestión de Administración xeral que consta no informe do órgano de asistencia de data 14 de xuño de 2019, declarar válida a licitación para a “Subministración de trofeos para eventos/competicións organizadas e/ou patrocinadas polo Concello de Cambre”, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente:

- Artesanos del Cristal, S.L.
- Eurocebrían, S.L.
- Manu Sport, S.L.

Segundo: Aprobar, de acordo coa valoración efectuada polo coordinador de Actividades culturais e educativas, que consta no informe de apertura e valoración de ofertas de data 21 de xuño de 2019, a seguinte valoración das proposicións presentadas, coa puntuación correspondente á oferta económica, diminución do número de días de entrega, e incremento do prazo de garantía :

ART. DEL CRISTAL SL	EUROCEBRIAN SL	MANU SPORT SL
82,50	83,60	39,90

A orde decrecente de clasificación das ofertas presentadas, en aplicación do criterio de oferta económica, resulta a seguinte:

- Eurocebrían, S.L.
- Artesanos del Cristal S.L.
- Manu Sports S.L.

Do cálculo de posibles ofertas anormalmente baixas, efectuado conforme ao establecido na cláusula 15.2.2 do PCAP, resultan anormalmente baixas as ofertas inferiores a **4.563,15 euros**,

polo que resulta que as ofertas presentadas por Artesanos del Cristal S.L. e Eurocebrían S.L. atópanse incursas en tal circunstancia.

Terceiro: Excluir do procedemento de licitación as ofertas presentadas polas empresas Eurocebrían S.L. e Artesanos del Cristal S.L. por non ter xustificado debidamente as mesmas de conformidade cos parámetros establecidos no artigo 149 da LCSP e a cláusula 15.2.4 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato, non tendo xustificado os prezos ofertados nin aportado a relación detallada dos medios materiais e persoais propios de que dispoñen os licitadores, todo isto segundo informes emitidos polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal de datas 5 e 18 de xullo de 2019.

Cuarto: Entender que Manu Sports S.L. retirou a súa oferta ao non ter presentado axeitadamente a documentación previa á adxudicación, de conformidade coa cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación e segundo o establecido no artigo 150 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014.

Quinto: Unha vez esgotada a lista de licitadores presentados, declarar deserto o procedemento de contratación para a "Subministración de trofeos para eventos/competicións organizadas e/ou patrocinadas polo Concello de Cambre", expediente 2018/C005/000012.

Sexto: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Sétimo: Notifíquese ao responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria accidental

M^a del Juncal Capín Fonseca